



MÉRCORES 6 DE MAIO DE 2020

MIRÓN

Hoxe imos repasar un pouquiño a serie numérica.

- 3 ANOS: primeiro, repasa a serie 1-5 e practica o trazo dos números (1-3) como máis che guste (con pintura de dedo, xiz, rotulador, cera branda...). Agora, fíxate nas táboas de números que aparecen no documento adxunto, pero antes repasa ben cal era cada un dos números que practicaches. Despois, tes que fíxate en que número falta e poñer unha pinza (ou o que queiras) no número correcto. Por exemplo, así:



- Fai ata a páxina 4 do documento (se o neno/a ten facilidade na resolución da actividade pode facer máis táboas).
- 4 ANOS: repasa a serie 1-10 e practica o trazo dos números como prefiras (con pintura de dedo, xiz, rotulador, cera branda...). Podes facer o trazo só ata o número 6 ou 7.
- Despois, observa as táboas de números (adxunto) e fíxate en que número falta. Cando o saibas pon unha pinza (ou o que queiras) no número correcto. Podes facer ata a páxina 5 (se o neno/a ten facilidade na resolución da actividade pode facer máis táboas).
- 5 ANOS: repasa a serie numérica (1-10 ou máis, se sabes) e practica o trazo dos números como máis che guste (con pintura de dedo, xiz, rotulador, cera branda...). Despois, fíxate nas táboas que aparecen no documento adxunto para ver se atopas que número falta. Pon unha pinza (ou o que queiras) no número correcto. Podes facer ata o número 10 ou todas as táboas.
- Grazas, forza e ánimo.

